

Bernardino Graña: *Himno verde*

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [1992]). “Bernardino Graña: *Himno verde*”. *A Trabe de Ouro*: 12, 137-138. Reedición en *poesia-galega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1122>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (1992). “Bernardino Graña: *Himno verde*”. *A Trabe de Ouro*: 12, 137-138.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

BERNARDINO GRAÑA:
HIMNO VERDE
Espiral Maior, A Coruña, 1992

Anxo Angueira

O *Himno verde* é un libro moi bonito.

Neste seu cuarto título a colección de poesía Espiral Maior personalizou e humanizou a edición do volume editado, algo que harmoniza cos grandes trazos definidores da poesía do seu autor, Bernardino Graña.

Desde a portada achamos esta personalización, esta humanización con que o editor trata o texto. Trátase dunha foto «verde, verde» (tres follas verdes sobre fondo verde) que vai pegada na capa. Este detalle, común ao resto das imaxes inseridas no libro, é o que «significa»: o libro quere ser algo manufacturado, algo onde se poida percibir unha liña de contacto persoal entre o autor e o seu lector, algo que nos devolva a un tipo de relacións máis humanizadas, o que a impresión das mesmas imaxes evitaría.

Cada unha desta marca o inicio das partes do libro: «Brinde de rosas e amores», «Brinde de árbore antiga» e «Brindes-conxuros». Mesmo hai unha, por certo moi apropiada, para o índice. Son neste caso fotos en branco e negro viradas ao sepia nun papel moito máis humilde que o da foto da portada. Pero todas elas, obra de Siña Fernández, están tamén pegadas.

Na primeira das partes, «Brinde de rosas e amor», o poeta cántalle á amada tecedeira de doce lan (rosa de pestanas-espadanas, cabelo-arboreada, labios-uva) en hendecasílabos lenemente brancos.

Na segunda, «Brinde da árbore antiga», nuns tetrasílabos que recordan a *Alborada* rosaliana, agrupados en seis poemas que se interrelacionan cunha mesma rima asoante, o poeta eleva esta «dura e maina / torre forte», a árbore dos nosos soños e dos paxaros, a que, como premonición do contido de «Brindes-conxuros», «tentarán, de envexa e furia, / derrubala / lumes tolos, ventos malos».

Na terceira e última parte o poeta abandona certa contención e lisura do seu canto. Aparecen os asasinados, os mares contaminados, os aires malos, os incendios... Contra eles Bernardino apunta a súa arma, o seu metro variado, o seu noxo léxico, as súas prolongadas enumeracións («aires e mexos e miserias / das cen mil bullas, entullos, / axes bafos, abafallos, / rodopíos, líos, chíos, tolerías que confonden»). Contra eles ergue a mesma voz que erguera en *Profecía do mar*, en *Se o noso amor e os peixes...* ou en *Sima-cima do voar do tolo*.

Todos estes brindes rematan no dedicado á fraga amiga, o máis cumunal e pletórico de todos («¡E triunfará a alegría!»).

O *Himno verde* é moi bonito. Fiel a si mesmo, Bernardino Graña, este mozo de Brais Pinto, mestre nas ribas do Sar e pai agora non lonxe de Cabo Home, brinda (é o punto de vista do libro) connosco e convidanos, por veces mesmo en salmos, á súa constante trincheira: a do amor e a natureza.